



guía curso 2011 – 12
APA "RASA" Ramón de la Sagra

información
presencial martes 16:15 a 17:45h
tfno 615 512 306 luns a venres de 17:00 a 19:00h
info@apa-ramondelasagra.es
www.apa-ramondelasagra.es

Para asociarse cómpre cubrir un impreso de alta e pagar unha cota anual de 18€ (só se pagará unha por familia). A cota pode ingresarse na conta da APA (Novacaixagalicia 2091 0068 31 3040 003024) ou pagarse en efectivo na sede da Asociación. No caso de ingreso bancario cómpre adxuntar o recibo ao impreso de alta.

Os estatutos da Asociación pódense consultar na nosa sede ou en Internet na http://www.apa-ramondelasagra.es/pdf/WEB_APA_ESTATUTOS.pdf

As convocatorias das asembleas anunciaranse nos taboleiros de anuncios da APA no colexio, en follas informativas e na páxina web da Asociación.

O calendario escolar 2011-12 esténdese do 12 de setembro ao 22 xuño, de 9:00 a 14:00h, ambos os dous inclusive.

día do ensino: 31 de outubro

vacacións Nadal: do 22 de decembro de 2011 ó 8 de xaneiro de 2012

vacacións Entroido: 20, 21 e 22 de febreiro

vacacións Semana Santa: do 2 ó 9 de abril, ambos os dous inclusive

non lectivo: por determinar

SERVIZOS xestionados pola APA

Para facer usos destes servizos **cómpre** ser socio da APA.

MADRUGADORES

Este servizo acolle ós rapaces antes do comezo das clases, entre as 7:30 e as 9:00h. As normas establecidas polo Consello Escolar para este servizo son de obrigado cumprimento*.

prezos

mensual con almorzo	35.35€
mensual sen almorzo	23.99€
4 días con almorzo	28.56€
4 días sen almorzo	19.38€
3 días con almorzo	21.42€
3 días sen almorzo	14.54€
2 días con almorzo	14.28€
2 días sen almorzo	9.69€
1 día con almorzo	7.14€
1 día sen almorzo	4.85€
esporádico con almorzo	2.25€
esporádico sen almorzo	2.00€

COMEDOR

Este servizo desenvólvese entre as 14:00 e as 16:00h. As normas establecidas polo Consello Escolar para este servizo son de obrigado cumprimento*. Neste curso non hai límite de prazas .

O prezo do seguro do comedor é de 4,00€ e págase na primeira mensuralidade do servizo.

prezos

5 días á semana	85.00€
4 días á semana	69.76€
3 días á semana	52.85€
2 días á semana	35.42€
1 día á semana	17.82€
esporádico	5,45€

As familias que non reciban bolsa de comedor terán unha redución do 10% no segundo fillo e do 12% no terceiro e seguintes en calquera das modalidades agás na de “esporádico”.

*NORMAS MADRUGADORES e COMEDOR:

1) Horario:

- o comedor comezará o primeiro día lectivo do mes de setembro e finalizará o último día lectivo do mes de xuño.
- se fose necesario establecerase máis dunha quenda de comida, en atención as idades dos nenos sempre comezando polos alumnos de Educación Infantil.
- o horario de comedor esténdese das 14:00 ás 16:00 horas. Durante ese tempo o recinto escolar permanecerá pechado. Nos primeiros días de curso se lle comunicará ao coordinador a quenda de saída dos nenos, así como os cambios que se establezan nela. Existen dúas quendas de saída: 15:15 e 15:45 horas. Entre ambas as dúas quendas non se poderá recoller ós nenos.

2) Procedementos de inscrición, baixa e modificacións de servizo. Documentación. Pago

a) Inscrición

- i) A inscrición terá carácter anual e excepcionalmente poderán incorporarse alumnos durante o curso. No caso de que existisen, ó inicio do curso, máis solicitudes que prazas de comensais do comedor, a APA elaborará a listaxe final de admisións de acordo cos criterios da propia APA e o que as normas xerais determinen.
- ii) A inscrición deberá formalizarse no período indicado pola APA e será necesario entregar o formulario (MODELO 1) debidamente cumprimentado nos lugares indicados.
- iii) A reserva de praza dos alumnos que xa a tiveran de cursos pasados farase en xuño sendo as solicitudes de novas prazas en setembro.

b) Baixas e modificacións

- i) As baixas voluntarias e as modificacións (estas últimas só para fixos e fixos discontinuos) deberán formalizarse entregando os formularios (MODELO 2 ou MODELO 3) nos lugares indicados pola APA antes do día 26 do mes anterior ao que teñan que facer efecto.
- ii) Baixas de oficio: dado que o comedor escolar é un servizo complementario, non obrigatorio e organizado pola APA, a xunta directiva da Asociación poderá decidir directamente sobre a baixa dalgún alumno/a ante o reiterado incumprimento destas normas.

c) Documentación que se precisa

- i) Para a inscrición de comedor: MODELO 1
- ii) Para a modificación ou baixa (comedor ou madrugadores): MODELO 2
- iii) Para a inscrición de madrugadores: MODELO 3
- iv) Para a solicitude dunha dieta especial por prescrición médica: ANEXO I
- v) Se existise algún tipo de indicación específica sobre as persoas que poden facerse cargo do alumno tras o tempo de comedor ou ben se vai recoller o neno outra persoa que non sexa a habitual, a familia deberá presentar autorización expresa á persoa responsable do comedor coa suficiente antelación.

d) Pago

Farase por adiantado e mediante domiciliación bancaria a principios de mes por parte da empresa de ‘catering’ responsable (JARDANAY, S.L).

Para o uso esporádico do servizo, cómpre mercar con antelación un 'vale' por cada día que se precise. Estes vales son válidos durante todo o curso.

Para incidencias cos recibos pódese chamar ó teléfono 981126627 de 8:00 a 15:00h e de 17:00 a 20:00h de luns a venres. Ademais instálase un buzón na entrada do comedor para deixar as solicitudes de modificación, altas, baixas, suxestións, etc.

Ademais, cobrarase un importe en concepto de "seguro de comedor" xunto coa primeira mensuralidade (4,00 €). O incumprimento continuado do pagamento determinará, previa comunicación ós pais do usuario, a perda do dereito ó servizo de comedor.

3) O persoal dos servizos

a) A misión fundamental do persoal do comedor é atender ós nenos, educalos axudándolles a adquirir hábitos posturais, de alimentación e de hixiene correctos. É fundamental que as familias apoiem esta labor cando os pequenos coman nas súas casas.

b) As funcións principais do persoal do comedor serán:

i) Estimular, favorecer e coordinar hábitos correctos de alimentación, hixiene e comportamento establecendo as pautas dos comensais: lavado de mans antes do xantar, entrada organizada no comedor, como se sentan, como se serven, cando se levantan, aseo despois do xantar, etc.

ii) Establecer un ambiente de respecto entre os comensais e co persoal.

iii) Impoñer as sancións necesarias ante casos leves de incumprimento deste regulamento.

iv) Vixiar, tanto no tempo de hixiene coma no tempo de permanencia no comedor ou no tempo posterior de lecer, acompañando en todo momento ós nenos/as e guiando o correcto uso das instalacións e fomentando a cooperación, o respecto ás persoas e á natureza.

v) Educar ós comensais nas normas básicas de comportamento na mesa:

(1) Non se porán os cóbados na mesa

(2) Non se falará coa boca chea

(3) Masticarase coa boca pechada e sen facer ruído

(4) Non se beberá antes de ter tragado a comida

(5) Antes de beber limparase a boca coa servilleta

(6) Non se utilizarán cubertos ou alimentos que teñan caído ó chan

(7) Utilizaranse correctamente os cubertos:

1. Non se empuñarán nin se xesticulará con eles

2. Non se fará ruído golpeando cos cubertos os pratos, vasos...

3. Non se levará o coitelo nin a pala do pescado á boca

4. Ao rematar de xantar colocaranse sobre o prato

5. O pan individual non debe cortarse co coitelo

6. En ningún caso se poderá xantar coas mans

vi) Marcar as directrices de utilización dos espazos das actividades lúdicas, inclusive as zonas do patio que se van utilizar para as actividades de lecer tras o xantar. Comprobar que o recinto permanece pechado durante o servizo.

vii) Relacionarse cos membros da xunta directiva da APA, coas familias dos usuarios do servizo e co equipo directivo do centro segundo os protocolos establecidos pola Asociación de Pais.

viii) Asistir e acompañar ós comensais enfermos ou accidentados mesmo no seu traslado a un centro hospitalario se fose preciso, permanecendo en contacto coa familia ata que esta se faga cargo do menor. Cómpre que os pais inclúan no impreso de solicitude un número de teléfono no que estean dispoñibles no horario do comedor.

ix) No caso de que os pais precisen contactar urxentemente cos monitores no horario

4) Os usuarios do comedor:

a) Os comensais que utilicen o servizo deberán valerse por si mesmos durante o tempo de comedor.

Así mesmo, os de máis curta idade deberán controlar os esfínteres; se se producise algún incidente neste sentido avisarase ós pais do neno/a para que poidan acudir ó centro a resolvelo.

b) Se un día determinado non se vai facer uso do comedor cómpre avisar previamente mediante unha nota ó profesor ou chamando a conserxería para que dean parte ó persoal do comedor cando este chegue.

c) Os alumnos deberán encontrarse ben de saúde, pois se trata dun servizo con alto risco de contaxio

d) Hai que tomar precaucións cos medicamentos: deberá organizarse o horario da súa administración de forma que non coincida co do comedor escolar. No caso de que non sexa posible as familias deberán presentar a prescrición médica asinada polo pediatra indicando o medicamento, a dose e a duración do tratamento.

e) Os alumnos de infantil deberán traer un neceser con cepillo e pasta dentífrica marcados co seu nome; o cambio de cepillo e a renovación da pasta terá lugar cada trimestre (en xaneiro e despois de Semana Santa). Os alumnos de primaria levarán o cepillo e a pasta cada día na súa bolsa da merenda ou mochila. Tamén deben traer un gorro ou viseira marcada co seu nome para utilizar no patio os días de sol, poden deixala no comedor ou levala cada día na bolsa da merenda ou mochila.

f) Cada inicio de curso se establecerán as directrices de como chegarán os alumnos/as ás dependencias do comedor, quen os levará ata alí, onde os recollerán, a partir de que momento estarán a cargo do persoal do comedor, etc.

g) En cada xornada, antes de poñerse a xantar, os rapaces serán acompañados polos monitores para que se laven as mans e usar os urinarios se fose necesario. Así mesmo, despois do xantar repetirase o proceso para a limpeza dos dentes.

h) Entrarán nas dependencias onde se desenvolva este servizo na orde establecida polo persoal, sen gritar, nin correr, nin empurrar ós compañeiros. Permanecerán debidamente sentados nas súas cadeiras, sen xogar ou abanearse nelas.

i) Durante o xantar manterase un ton de voz baixo e nunca se poderá berrar. Levantarase a man para captar a atención do monitor e esperarase a que este poida atender ó neno/a, calquera que sexa a súa petición. En ningún caso se levantarán antes de ter o permiso do monitor.

j) Tratarase sempre con respecto ós compañeiros/as e se lles axudará de maneira especial se son pequenos ou sofren algún tipo de discapacidade.

k) Comerase de todos os alimentos que se sirvan, aínda que só sexa un pouco de cada un de eles.

l) Todos os nenos colaborarán despois de comer recollendo a menaxe do comedor e colocando de forma ordenada as mesas e as cadeiras.

m) Deixarase o comedor na orde establecida polo monitor, sen gritar, nin correr, nin empurrar.

n) Durante o tempo de lecer, despois do xantar, os nenos nunca sairán do recinto escolar. Estarán cos seus monitores xogando ou facendo actividades lúdicas: xogos, concursos, teatro, ... procurando evitar a actividade física forte para non interromper a dixestión da comida.

o) O servizo de comedor non se fará responsable das perdas ou extravíos de obxectos pertencentes ós rapaces.

p) O persoal que desenvolve as súas funcións no tempo de comedor forma parte da comunidade educativa e se lles debe absoluto respecto. O incumprimento dalgunha norma podería derivar na correspondente chamada de atención ó usuario por parte dos monitores. Cando se produza a terceira chamada de atención, o monitor comunicará o caso á xunta directiva da APA para que esta lles remita un escrito ós pais informándolles do mal comportamento do alumno. Se esta situación se repite remitirase o caso á dirección do centro para a aplicación das sancións correspondentes de acordo coas directrices marcadas polo Programa Educativo do Centro e o Real Decreto 732 de 1995.

ACTIVIDADES xestionadas pola APA

LUDITARDE

Trátase dun conxunto de actividades lúdicas que se artellan en torno a temas coma a educación para a saúde, a educación vial, o ambiente... A raíz deses contidos vanse desenvolvendo todas as

actividades: dinamización teatral, animación á lectura, música, actividades motrices, prácticas deportivas, informática...

Bloques temáticos do curso 2011-12 por trimestres:

“AS NOSAS RAICES”: Para descubrir as tradicións, lendas, folclore, arquitectura popular e costumes da Galicia rural da man de Álvaro Cunqueiro no ano que conmemora o centenario do seu nacemento.

“A CORUÑA 100 AÑOS ATRÁS”: Trátase de investigar sobre a organización e a vida da nosa cidade a partir da anexión do concello de Oza en 1912.

“A MAR: ¿un recurso inesgotable?”: Para descubrir a mar coma fonte de vida, riqueza, historias e lendas e crear propostas para a súa conservación.

A inscrición para comezar o 15 de setembro farase o 13 de setembro na sede da APA, de 16:15 a 17:45 h.

A inscrición para comezar o 3 de outubro farase o 20 e 27 de setembro na sede da APA de 16:15 a 17:45 h

As modificacións e baixas tramitaranse directamente coa responsable do programa (María) antes do día 22 do mes anterior ó mes da baixa. De non ser así, cobrarase a mensualidade.

prezos

individual 32,00€

2 fillos 51,20€

3 fillos 67,20€

4 fillos ou máis ...76,80€

Os meses de setembro e xuño as cotas redúcense á metade.

LUDIÁXILES

Oferta específica de actividades culturais e deportivas para alumnos de 5º e 6º de Educación Primaria dos centros onde se desenvolve o programa LUDITARDE no seguinte horario: luns e mércores ou martes e xoves, de 16:00 a 18:00 h, do 15 de setembro ó 15 de xuño.

Bloques temáticos do curso 2011-12:

“A CORUÑA 100 AÑOS ATRÁS”: ”: Trátase de investigar sobre a organización e a vida da nosa cidade a partir da anexión do concello de Oza en 1912.

“A MAR: ¿un recurso inesgotable?”: Para descubrir a mar coma fonte de vida, riqueza, historias e lendas e crear propostas para a súa conservación.

Desenvolveranse, ademais, as seguintes actividades:

NOVAS TECNOLOXÍAS: música, fotografía e vídeo dixitais, blogs, foros...

ACTIVIDADES ARTÍSTICAS: xogo dramático, animación musical, graffiti, cómic, baile...

ACTIVIDADES DEPORTIVAS: fútbol sala, baloncesto, balonmano, béisbol, tenis, hockey...

A inscrición para comezar o 15 de setembro farase o 13 de setembro na sede da APA, de 16:15 a 17:45 h.

A inscrición para comezar o 3 de outubro farase o 20 e 27 de setembro na sede da APA de 16:15 a 17:45 h

As modificacións e baixas tramitaranse directamente coa responsable do programa (María) antes do día 22 do mes anterior ó mes da baixa. De non ser así, cobrarase a mensualidade.

prezos

individual 13,20€

2 fillos 21,12€
3 fillos 27,72€
4 fillos ou máis ...31,68€

Os meses de setembro e xuño as cotas redúcense á metade.

NATACIÓN

Actividade orientada ó alumnado do 2º ciclo de Educación Primaria (3º e 4º).

Desenvólvese de outubro a maio, un día á semana en clases de 45 minutos de duración. É imprescindible formar un grupo mínimo de 12 participantes e un máximo de 20. As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

A inscrición faise na APA en datas anunciadas con antelación mediante circulares, na páxina web, nos taboleiros de anuncios...etc

prezos

A cota da actividade é de 53,47€ por curso.

As familias que así o queiran poden levar os nenos pero teñen que asinar previamente un permiso.

DATOS SOCIOS

CARNÉ SOCIOS

A todos os socios da APA correspóndelles un carné numerado cos nomes e datos dos seus fillos para facilitar as xestións das actividades organizadas pola APA. Recóllense na sede da asociación.

SUBVENCIÓN COMEDOR

A todos os usuarios do comedor lles corresponde unha subvención da Xunta. As cantidades se entregaranse por transferencia bancaria nos prazos anunciados para isto.

CHÁNDALS

Os prezos para este curso son 18€ para os socios e 22€ para os non socios.

Os días para facer as reservas comunicaranse con antelación mediante circulares, na páxina web, nos taboleiros de anuncios...etc. Este curso 2011 – 2012 os días previstos son o 13, 20 e 27 de setembro. Cómpre pagar no momento da reserva.

NOTAS:

C.E.I.P RAMÓN de la SAGRA

Rolda Camilo José Cela 4, 15008 A Coruña
Tif: 981 280 208